



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CHAN DA PONTE, S/N
36450 - SALVATERRA DE MIÑO
PONTEVEDRA
Tel: 886110701 Fax: 886110710
ies.salvaterra.mino@edu.xunta.es



F.S.E.

IES. SALVATERRA DE MIÑO



**INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O CURSO
2019 - 2020**

ESO



1. HORARIOS DE ATENCIÓN DO PROFESORADO TITOR AOS PAIS E NAIS.

CURSO	TITOR/A	ESPECIALIDADE	ATENCIÓN FAMILIAS
1º ESO A	DEMETRIO PREGO	L. GALEGA	MARTES 10:10 - 11:00
1º ESO B	PALOMA ROMERO	EPV	MÉRCORES 13:10 - 14:00
1º ESO C	HÉCTOR MONTES	BX	XOVES 10:10 - 11:00
2º ESO A	SANDRA MERA	L. CASTELÁ	VENRES 9:20 - 10:10
2º ESO B	LUIS ALBERTO LORENZO	TECNOLOXÍA	XOVES 10:10 - 11:00
2º ESO C	VERÓNICA SIMÓN	FQ	VENRES 11:30 - 12:20
2º ESO PMAR	Mª DEL CARMEN BETANIA	E. F.	MÉRCORES 11:30 - 12:20
3º ESO A	MANUEL ROSENDE	L. GALEGA	XOVES 12:20 - 13:10
3º ESO B	DIEGO GONZÁLEZ	XH	MARTES 9:20 - 10:10
3º ESO C	BEATRIZ SACCO	L. CASTELÁ	XOVES 10:10 - 11:00
3º ESO PMAR	Mª SOL FERNÁNDEZ	L. CASTELÁ	VENRES 10:10 - 11:00
4º ESO A	BEGOÑA TERLERA	ECONOMÍA	VENRES 10:10 - 11:00
4º ESO B	SONIA TELLE	L. CASTELÁ	MÉRCORES 11:30 - 12:20
4º ESO C	PEDRO OCAMPO	FILOSOFÍA	XOVES 9:20 - 10:10
1º BACH A	MARGARITA DEL AMO	E. F.	MÉRCORES 12:20 - 13:10
1º BACH B	MONTSE TEIXEIRO	L. GALEGA	MARTES 9:20 - 10:10
2º BACH. A	EDUARDO GONZÁLEZ	L. GALEGA	VENRES 11:30 - 12:20
2º BACH. B	FERNANDO ABREU	MÚSICA	VENRES 9:20 - 10:10
1º CICLO	TOMÁS ARIAS FERNÁNDEZ	SOLDADURA	LUNS 10:10 - 11:00
2º CICLO	JUAN JOSÉ DÍAZ LÓPEZ	SOLDADURA	
1º FP BÁSICA	JOSE LUIS GONZÁLEZ ÁLVAREZ	MADEIRA E MOBLE	XOVES 11:30 - 12:20
2º FP BÁSICA	JUAN CARLOS CONDE GESTEIRO	MADEIRA E MOLE	VENRES 8:30 - 9:20
ORIENTADORA	ANA CABEZÓN	PEDAGOXÍA PSICOLOXÍA	MARTES 11:30 - 13:10

2.

Información recollida na web do centro. Organigrama/ Titor@s



2. NOTIFICACIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA.

- As faltas de asistencia e os retrasos serán notificadas mediante o sistema ABALAR móbil.
- Sempre hai que xustificar as faltas ante titores/as e profesores/as.
- Actualizar cambios que houbera nos teléfonos ou enderezos.
- Cando un alumno/a vaia faltar, agradecemos unha chamada das casas.
- O alumnado que falte ten que informarse dos contidos explicados nas clases.

3. INFORMES TRIMESTRAIS DO ALUMNADO DA ESO.

AVALIACIÓN	DATAS DE ENVÍO ÁS CASAS
1ª	- 8 de novembro
2º	- 21 de febreiro
3º	- 15 de maio

4.-DATAS DE ENTREGA DE NOTAS PARA TODO O ALUMNADO DE ESO

AVALIACIÓN	DATAS
INICIAL	8, 10 de outubro (non conleva entrega de boletíns)
1ª	20 de decembro
2ª	3 de abril
3ª	24 de Xuño

Ollo ás falsificacións

5.- DIAS NON LECTIVOS (Calendario será publicado na web do centro unha vez aprobado en Consello Escolar)

- Xoves 31 de outubro de 2018 (Día da Hispanidade)
- Venres 1 de novembro de 2018 (Día de todos os Santos)
- Xoves 19 de marzo de 2019 (San Xosé)
- Venres 20 de marzo (Día non lectivo escollido polo centro)
- Venres 1 de maio de 2019 (Día do traballo)



6.- LEI DE CONVIVENCIA

(LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.)

Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Artigo 13. Responsabilidade e reparación de danos.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.



2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

- Aula de convivencia: aula de reflexión, resolución pacífica de conflitos, de traballo...
- Equipo de mediación: para tratar de resolver entre iguais problemas que xorden entre iguais.

7.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

(Ref. Normas de Organización e Funcionamento. Na web do centro: proxecto educativo →NOF)

Entre outros, destacamos:

DEBERES (Art. 17)	DEREITOS (Art. 14)
<ul style="list-style-type: none"> - Aproveitar positivamente o posto escolar. - Asistir a clase co material necesario e seguir con atención e respecto as explicacións do profesorado, sen interromper o normal desenvolvemento das mesmas, respectando o dereito ao estudo dos seus compañeiros/as. - Colaborar no mantemento dun ambiente de traballo adecuado. - Respetar os dereitos do resto dos membros da comunidade escolar. - Participar activamente na vida e funcionamento do centro. - Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro. - Entregar aos pais/nais ou titores legais, os boletíns de notas e informes mensuais, devolvéndooos aos titores/as nos prazos fixados. 	<ul style="list-style-type: none"> - Recibir unha formación que asegure o desenvolvemento da súa personalidade e lles permita integrarse nunha sociedade democrática. - Reclamar contra as cualificacións ordinarias e extraordinarias. - Rendemento escolar avaliado con plena obxectividade. - Recibir orientación escolar e profesional. - Respecto a súa liberdade de conciencia. - Liberdade de expresión, sen prexuízo dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa. - Participación activa nas actividades do centro.

8.- MOI IMPORTANTE

- Artigo 33.1 das Normas de Organización e Funcionamento:

Art. 33. Sobre as condutas a seguir.

1. Queda prohibido para tod@s @s alumn@s, en todo o recinto escolar, o uso de calquera aparello reprodutor e gravador de imaxes e sons (móviles, mp3, mp4, Ipod, Iphone, etc.).

Excepcionalmente, só se permitirá dentro da aula o seu uso, cando sexa preciso utilizalo como método didáctico e previa autorización do/a profesor/a.

O incumprimento deste artigo terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia dentro das NOF.

- **Control do uso que fan de internet na casa**



9.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

Lexislación LOMCE

PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

PROMOCIÓN

DECRETO 86/2015 do 25 de xuño

Artigo 23.
Promoción

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e **repetirán curso** cando teñan **avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.**

De forma **excepcional**, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en **tres materias** cando se dean **conxuntamente** as seguintes **condicións**:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Poderá tamén autorizarse de **xeito excepcional** a **promoción** dun alumno ou unha alumna con **avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas**, cando o **equipo docente considere** que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.



TITULACIÓN

Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller. Artículo 2.1 apartado a,b y c

Resolución do 9 de xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño.

Segunda. Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria requirirase: Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. A estes efectos:

- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
- Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- As actividades complementarias e extraescolares son un complemento das actividades académicas.
- Carácter educativo ademais de lúdico.
- Normas de comportamento coma no centro.
- Respetar á hora de chegada.
- Obrigatoriedade de asistencia ao centro daqueles alumnos que non participen nas actividades extraescolares.

11.-RECOMENDACIÓNS AOS PAIS E NAIS.

- Necesidade de **controlar tódolos días o traballo dos rapaces/as.** Utilidade dunha **axenda escolar.**
- **Acordo unánime entre os pais** á hora de esixir aos seus fillos disciplina e responsabilidade. Firmeza, pero tamén acompañada de comprensión e tolerancia.
- **Importancia da constancia.** Tódolos días un mínimo de dúas horas cun breve descanso no medio (actividades de lectura, repaso, estudo, deberes...)
- Inculcar nos nenos/as a **importancia da lectura.** Consello de lectura un ratiño tódalas noites.
- **Traballo** para o **alumnado con materias pendentes,** tanto durante o curso como durante os veráns para aquel alumnado con exames en setembro
- **Lugar adecuado para o estudo.**
 - . Importante contar cun **lugar fixo** no que o alumno/a se sinta cómodo e lonxe de ruidos que poidan molestar (radio, televisión, teléfonos móbiles, música, etc.).
 - . Tamén importante contar cun **mobiliario adecuado** (mesa con espazo, cadeira con respaldo, estanterías preto do posto de estudo).
 - . Atención á **iluminación** dese espazo para evitar a fatiga da vista. É interesante saber se un alumno/a é destro ou zurdo, para saber onde situar a lámpada, así como de contar, a máis, cunha luz ambiental que evite sombras no posto de lectura.



. Tamén é importante unha **ventilación** axeitada e unha **temperatura** arredor aos 20º no posto de estudo.

- **Esencial o contacto dos pais e nais cos titores/as do alumnado.** Non podemos esquecer que tanto pais/nais como profesorado temos os mesmos obxectivos con respecto á educación dos nosos fillos/as e alumnos/as. Por iso, a comunicación fluída e a coordinación entre o centro educativo e a familia é fundamental.
- Inculcar no alumnado a **importancia dos estudos na súa vida futura** e do **esforzo** como medio para alcanzar o que desexa.
- O estudo, o traballo intelectual son actividades psíquicas, e como tales, están condicionadas a unha **boa saúde física e ao benestar corporal**. Por iso é conveniente:
 - o **Descanso.** Hora fíxa para durmir. Entre 8 e 10 horas de sono. Non consumo de alimentos excitantes.
 - o **Alimentación racional.** Dieta equilibrada e variada a base de vexetais, peixe, carne, leite, ovos e froita. É moi importante un forte almorzo, xantar ben, merendar algo e cear pouco.
 - o **O exercicio físico.** De maneira moderada e habitual. Non usar o deporte como castigo.

12.- **PLAN ALERTA ESCOLAR**

Na páxina web da Consellería de Educación (<http://www.edu.xunta.es/web/node/371>) hai información referente a este plan, pensado para alumnado con algún tipo de alerxia severa (a algún alimento, planta,...), alumnado con epilepsia ou alumnado diabético.

Hai unha serie de requisitos para poder entrar no programa, entre eles a necesidade dun informe médico con recomendacións de actuación ante un ataque (anafiláctico, epiléptico,...)

A tramitación da solicitude faise dende o centro, pero é necesario cubrir unha serie de documentos.

13.- **AXUDA A FAMILIAS NECESITADAS**

Servizos sociais do concello, banco de libros da ANPA, Cruz Vermella,...
Actividades extraescolares.

14.- **SITUACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR**

15.- **MEDIODÍA DOS MÉRCORES**

16.- **ABALAR MÓBIL**

- Recepción de comunicacións dende o centro de todo tipo de incidencias que se carguen na aplicación de xestión académica: faltas de asistencia, faltas de orde, cualificacións,...
- Xustificación de faltas.
- Citas de titoría.
- ...



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. SALVATERRA DE MIÑO

CHAN DA PONTE, S/N
36450 – SALVATERRA DE MIÑO
PONTEVEDRA
Tel: 886110701 Fax: 886110710
ies.salvatererra.mino@edu.xunta.es



F.S.E.

EQUIPO DIRECTIVO

Director:	Victoriano Costas Suárez
Vicedirector:	José Quiroga Castro
Xefa de Estudos:	Sandra Parada Nogueiras
Secretario:	Alejandro González Troncoso

NAIS/PAIS DE 1º ESO: VISITA AO CENTRO